

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

- 12574** *Real decreto 1057/2015, do 20 de novembro, polo que se modifica o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, en materia de arrendamento de vehículos con condutor, para adaptalo á Lei 9/2013, do 4 de xullo, pola que se modifican a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e a Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.*

A Lei 9/2013, do 4 de xullo, pola que se modifican a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e a Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, introduciu algunha modificación especialmente significativa en relación con determinadas formas de transporte, entre as que destaca aquela que afecta o exercicio da actividade de arrendamento de vehículos con condutor.

Tal e como determina o preámbulo desta lei, pode entenderse o encadramento definitivo da actividade de arrendamento de vehículos con condutor como unha modalidade concreta de transporte de viaxeiros en vehículos de turismo á cal, en consecuencia, lle son de aplicación todas as regras referidas á actividade de transporte e non as sinaladas simplemente para as actividades auxiliares e complementarias do transporte.

Nesta liña, a Lei 9/2013 procedeu a dar nova redacción ao artigo 99 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, de tal xeito que no seu punto 4 determina que a citada actividade constitúe unha modalidade de transporte de viaxeiros e que o seu exercicio está condicionado á obtención da correspondente autorización, de conformidade cos requisitos que se definen nos artigos 42 e 43.1 e o que regulamentariamente se estableza con carácter específico en relación coa dita modalidade de transporte.

Por outra banda, o novo artigo 48 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, habilita o Estado para introducir, por vía regulamentaria, limitacións ao outorgamento de novas autorizacións para o exercicio desta actividade de transporte, condicionándoo a que a oferta de transporte público de viaxeiros en vehículos de turismo estea suxeita a limitacións cuantitativas no ámbito autonómico ou local. Así mesmo, o novo artigo 91 da citada lei permite introducir limitacións regulamentarias en relación coa orixe, co destino ou co percorrido dos servizos.

Na mesma liña, parece adecuado revisar tamén a regulación dada ao arrendamento de vehículos con condutor no relativo aos requisitos exixidos para a obtención da correspondente autorización, o outorgamento de autorizacións e as condicións de prestación do servizo.

Convén, pois, adaptar o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, á nova regulación, e, por tanto, considérase procedente dar nova redacción aos artigos 181 e 182 do mencionado regulamento.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.*

O Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 181 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para o outorgamento das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor será necesario que o solicitante cumpra todos os requisitos exixidos no artigo 43.1 da LOTT, coas especificacións que se indican no número seguinte.

2. En execución do que se dispón na alínea d) do citado artigo 43.1 da LOTT, as empresas dedicadas á actividade de arrendamento con condutor deberán dispor en todo momento, en propiedade ou en arrendamento financeiro, de polo menos sete vehículos dedicados a esta actividade.

A empresa poderá dispor en propiedade, arrendamento financeiro ou arrendamento ordinario do resto de vehículos que, se é o caso, pretenda adscribir a autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor.

Os vehículos a que deban estar referidas as autorizacións de arrendamento con condutor non terán unha capacidade superior a 9 prazas, incluída a do condutor, e deberán reunir, sen prexuízo de calquera outra que supoña unha mellora das súas condicións, as seguintes características:

- a) Motor cunha potencia igual ou superior a 12 cabalos de vapor fiscais (CVF).
- b) Lonxitude mínima exterior, medida de extremo a extremo do vehículo, igual ou superior a 4,60 metros.

Non será necesario o cumprimento das exixencias contidas nas dúas alíneas anteriores cando o vehículo que se pretenda adscribir á autorización utilice como fonte de enerxía a electricidade, o hidróxeno, os biocarburantes, os combustibles sintéticos e parafínicos, o gas natural, o gas licuado do petróleo ou calquera outra que así se sinala expresamente por resultar alternativa aos combustibles fósiles clásicos.

Os vehículos non poderán continuar dedicados á actividade de arrendamento con condutor a partir de que alcancen unha antigüidade superior a dez anos, contados desde a súa primeira matriculación. Non obstante, non existirá limitación ningunha en canto á antigüidade do vehículo cando este teña unha potencia fiscal igual ou superior a 28 CVF ou se trate dun vehículo histórico dos definidos como tales na regulamentación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

3. En execución do que se dispón no artigo 48.2 da LOTT, cando a oferta de transporte público de viaxeiros en vehículos de turismo se encontre suxeita a limitacións cuantitativas nunha comunidade autónoma ou nalgún dos municipios que a integran, o órgano competente poderá denegar o outorgamento de novas autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor co fin de manter o equilibrio adecuado entre a oferta de ambas as dúas modalidades de transporte no seu territorio.

Entenderase en todo caso que se produce unha situación de desequilibrio e, en consecuencia, procederá denegar o outorgamento de novas autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor cando a relación entre o número das existentes no territorio da comunidade autónoma en que pretendan domiciliarse e o das de transporte público de viaxeiros en vehículos de turismo domiciliadas nese mesmo territorio sexa superior a unha daquelas por cada trinta destas.

Non obstante, aquelas comunidades autónomas que, por delegación do Estado, tivesen asumidas as competencias en materia de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor, poderán modificar a regra de proporcionalidade sinalada no parágrafo anterior, sempre que a que apliquen sexa menos restritiva que esa».

Dous. O número 1 do artigo 182 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Cando os vehículos adscritos ás autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor estean ocupados por persoas alleas á empresa titular da autorización, unicamente poderán circular se se xustifica que están a prestar un servizo previamente contratado.

Para tal efecto, o contrato de arrendamento de vehículos con condutor deberá ser formalizado previamente a que se inicie a prestación do servizo contratado e levar a bordo do vehículo a documentación acreditativa da dita contratación, conforme o que determine o ministro de Fomento.

Os vehículos adscritos ás autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor non poderán, en ningún caso, circular polas vías públicas en busca de clientes nin propiciar a captación de viaxeiros que non contratasen previamente o servizo e permanecerán estacionados para tal efecto».

Tres. O número 3 do artigo 182 queda redactado nos seguintes termos:

«3. De conformidade co disposto nos artigos 17.1 e 18 da LOTT, os prezos da actividade de arrendamento de vehículos con condutor non estarán suxeitos á tarifa administrativa, ben que as correspondentes empresas deberán ter á disposición do público información dos que apliquen».

Catro. O número 4 do artigo 182 queda redactado nos seguintes termos:

«4. Os vehículos dedicados á actividade de arrendamento con condutor non poderán levar signos externos de identificación que induzan á confusión coa actividade dos taxis.

Sen prexuízo diso, aquelas comunidades autónomas que, por delegación do Estado, tivesen asumidas competencias en materia de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor poderán exixir que os vehículos amparados en autorizacións desta clase se identifiquen externamente mediante algún distintivo».

Cinco. Engádesse un novo número 5 ao artigo 182, coa seguinte redacción:

«5. Sen prexuízo do disposto no artigo 182.2, os vehículos dedicados á actividade de arrendamento con condutor deberán ser utilizados habitualmente na prestación de servizos destinados a atender necesidades relacionadas co territorio da comunidade autónoma en que se encontre domiciliada a autorización en que se amparan.

Entenderase que, en todo caso, un vehículo non foi utilizado habitualmente na prestación de servizos destinados a atender necesidades relacionadas co territorio da comunidade autónoma en que se encontra domiciliada a autorización en que se ampara cando o 20 por cento ou máis dos servizos realizados con ese vehículo dentro dun período de tres meses non discorra, nin sequera parcialmente, polo dito territorio.

Cando os vehículos se encontren prestando servizos en territorio distinto ao da comunidade autónoma en que estea domiciliada a autorización na cal se amparan, estes deberán levar a bordo a correspondente autorización no cadro de instrumentos, en lugar visible desde o exterior, salvo que se encontren identificados por un dos distintivos a que fai referencia o segundo parágrafo do artigo 182.4».

Seis. Engádesse un novo número 6 ao artigo 182, coa seguinte redacción:

«6. A empresa deberá ter cuberta, mediante un ou varios seguros ou outras garantías financeiras, a súa responsabilidade civil polos danos que puidesen sufrir os viaxeiros como consecuencia do transporte».

Disposición transitoria única. *Inexhibibilidade de frota mínima.*

1. Os titulares de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto que non dispoñan do número mínimo de vehículos previsto no artigo 181.2 poderán continuar o exercicio da súa actividade sen cumprir ese requisito mentres tales autorizacións continúen ao seu nome.

Aínda que os vehículos que os ditos titulares teñan adscritos ás súas autorizacións no referido momento incumpran algún dos requisitos sinalados no citado artigo, poderán continuar adscritos a aquelas mentres non sexan substituídos por outros, os cales deberán cumprir tales requisitos.

2. En todo caso, as autorizacións que continúen vixentes en virtude do previsto no número anterior só poderán ser transmitidas, sen que se teña en conta o requisito relativo ao número mínimo de vehículos, cando a transmisión teña por obxecto a totalidade de autorizacións de que sexa titular o cedente e se realice a favor dun único adquirente, que deberá ser titular doutras autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor domiciliadas no territorio da mesma comunidade autónoma, ou cando se trate dun herdeiro forzoso do cedente nos supostos de falecemento, xubilación ou incapacidade do titular da autorización.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.6.^a e 149.1.21.^a da Constitución, que, respectivamente, atribúen ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil e sobre os transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de novembro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Fomento
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN